

*Se non tedes sacho  
traíemolo nós  
arados de ferro  
e carros con bois*

*e carros con bois  
e carros con bois  
se non tedes sacho  
traíemolo nós.*

1. Miña santa Margharita  
miña Margharida santa  
auguiña da túa fonte  
curoum'a miña garghanta.

*Se non tedes sacho...*

2. Miña santa Margharida  
miña Margharida santa  
ten a capilla no monte  
i-onde o paxariño canta.

*Se non tedes sacho...*

3. Eu sei que veño aquí hoxe  
non veño por ver paredes  
veño por ve-los teus ollos  
que me estou revendo neles.

*Se non tedes sacho...*

4. Se ves por ve-los meus ollos  
Dios cho paghe, queridiño  
se viñas por outro intento  
éache tempo perdido.

*Se non tedes sacho...*

5. Entrando na túa casa  
i-erghín os ollos e vin-he  
un letreiro que decía  
i-eu para ti non nacín-he.

*Se non tedes sacho...*

6. Eu como sabía ler-e  
quitei un e puxen outro  
eu para ti non nacín-he  
i-e ti para min tampouco.

*Se non tedes sacho...*

7. Heite de mandar á merda  
i-a máis a i-ela i-has d'ir-e  
con folechiños ao brazo  
com'a que ves de pedir-e.

*Se non tedes sacho...*

8. María ten boas pernas  
que llas vin no corredor-e  
non vin pernas coma i-elas  
a filla dun labrador-e.

*Se non tedes sacho...*

9. O ferreiro teno todo  
ferreiro ten muller-e  
cura que ten capilla  
bota misa cando quere.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades